



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 11 de xullo de 2017 **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

TRIFLURIDINA-TIPIRACIL (TAS-102)

no tratamento de pacientes adultos con cancro colorrectal metastásico (CCRm) que foran previamente tratados ou non se lles considere candidatos ao tratamento coas terapias dispoñibles, incluídas quimioterapia baseada en fluoropirimidinas, oxaliplatino e irinotecán, axentes anti-VEGF e axentes anti-EGFR, nas seguintes condicións:

- ECOG:O-1.
- Esperanza de vida de alo menos 3 meses
- Adecuada función cardíaca, medular, hepática e renal.
- Ausencia de metástases cerebrais activas.

Situacións especiais:


O uso de regorafenib como alternativa ou tras progresión/toxicidade inaceptable a TAS-102, ou viceversa, valorarase de forma individualizada. En ambas situacións deberán cumprirse a indicación e condicións descritas no parágrafo anterior.

Outras consideracións:

No estudo RECOURSE os pacientes foron estratificados atendendo ao estado mutacional KRAS. O subgrupo poboacional de pacientes con **KRAS non mutado** foi o que obtivo un maior beneficio en Supervivencia Global (SG) fronte ao control. No subgrupo de pacientes con **KRAS mutado**, parece que o maior beneficio en SG obtívose nos pacientes nos que o tempo desde o diagnóstico da enfermidade metastásica ata tratamento con TAS-102 foi igual ou superior a 18 meses.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
O director xeral de Asistencia Sanitaria
(P.D. Acordo do 6 de xullo de 2017)



A subdirectora xeral de Avaliación Asistencial e Garantías
Carmen Durán Parrondo

Comisións de farmacia dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde